



| Guía Docente          |   |                    |                             |          |
|-----------------------|---|--------------------|-----------------------------|----------|
| Datos Identificativos |   |                    |                             | 2019/20  |
| Asignatura (*)        | Literatura Poscolonial  | Código             | 613G03026                   |          |
| Titulación            | Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios   |                    |                             |          |
| Descritores           |   |                    |                             |          |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo                        | Créditos |
| Grao                  | 2º cuatrimestre   | Terceiro           | Obrigatoria                 | 6        |
| Idioma                | Inglés  |                    |                             |          |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |                             |          |
| Prerrequisitos        |   |                    |                             |          |
| Departamento          | Letras  |                    |                             |          |
| Coordinación          | Frias Rudolphi, Maria   | Correo electrónico | maria.frias@udc.es          |          |
| Profesorado           | Cabarcos Traseira, Maria Jesus  | Correo electrónico | maria.jesus.cabarcos@udc.es |          |
|                       | Frias Rudolphi, Maria   |                    | maria.frias@udc.es          |          |
| Web                   | <a href="https://moodle.udc.es/course/view.php?id=28956&amp;lang=en">https://moodle.udc.es/course/view.php?id=28956&amp;lang=en</a>   |                    |                             |          |
| Descrición xeral      | Esta materia aportará unha visión panorámica dos/das autores/as de países que foron colonias do imperio británico, así como das diásporas destes países. Tamén se estudará o contexto socio-histórico destas literaturas coloniais e poscoloniais anglófonas. |                    |                             |          |

| Competencias / Resultados do título |  |
|-------------------------------------|--|
| Código                              | Competencias / Resultados do título  |
| A1                                  | Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.   |
| A2                                  | Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.   |
| A3                                  | Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.   |
| A6                                  | Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa.   |
| A7                                  | Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.   |
| A9                                  | Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.   |
| A11                                 | Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.   |
| A15                                 | Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.   |
| A16                                 | Ter un coñecemento avanzado das literaturas en lingua inglesa.   |
| A17                                 | Coñecer a historia e a cultura das comunidades anglófonas.   |
| B1                                  | Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.   |
| B2                                  | Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.   |
| B3                                  | Adquirir capacidade de autoformación.  |
| B5                                  | Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.  |
| B6                                  | Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.   |
| B7                                  | Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.  |
| B8                                  | Apreciar a diversidade.  |
| C2                                  | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.  |
| C4                                  | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C6                                  | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.  |
| C7                                  | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.   |

| Resultados da aprendizaxe   |     |    |                                     |
|---|-----|----|-------------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe   |     |    | Competencias / Resultados do título |
| Coñecer as literaturas en lingua inglesa dos países que foron antigas colonias do imperio británico, así como das súas diásporas. | A1  | B5 | C2                                  |
|   | A7  | B8 | C4                                  |
|   | A16 |    |                                     |



|  |                              |                                  |                      |
|--|------------------------------|----------------------------------|----------------------|
| Coñecer o contexto socio-histórico e cultural das comunidades anglófonas de fóra de Europa, con especial atención á súa relación cos textos literarios da materia. | A16<br>A17                   | B1<br>B5<br>B7<br>B8             | C2<br>C4             |
| Ler e analizar textos dende unha perspectiva crítica e / ou poscolonial.   | A1<br>A2<br>A3<br>A11<br>A15 | B1<br>B2<br>B3<br>B6<br>B7<br>B8 | C2<br>C4<br>C6<br>C7 |
| Ser capaces de elaborar ensaios e comentarios de texto en lingua inglesa, e preparar e facer exposicións orais coherentes en lingua inglesa.                       | A6<br>A9                     | B1<br>B3<br>B5<br>B7<br>B8       | C2                   |

| Contidos   |  |
|--|--|
| Temas  | Subtemas   |
| 1. Introducción: contextos coloniais.                | 1.1. O imperialismo británico: introdución socio-histórica.<br>1.2. O discurso colonial. Orientalismo.<br>Lecturas: Rudyard Kipling, ?White Man?s Burden? e Henry Lawson, ?The Drover?s Wife?  |
| 2. Descolonización e poscolonialismo.                | 2.1. Descolonizando a mente.<br>2.2. Literaturas e crítica poscolonial. Estereotipos e opostos maniqueos.<br>Lecturas: Chinua Achebe, Things Fall Apart e Chimamanda Ngozi Adichie, ?The Danger of a Single Story?   |
| 3. Resistindo a descolonización.                     | 3.1. Sudáfrica: de colonia de asentamento á era pos-apartheid.<br>3.2. Australia poscolonial (?): a xeración roubada.<br>Lecturas: Nadine Gordimer, ?Country Lovers? e fragmentos de Sally Morgan, My Place  |
| 4. Axencia poscolonial.                              | 4.1. Hibridismo e terceiros espazos.<br>4.2. ?Ritos de paso? e liminalidade.<br>4.3. ?Pode o subalterno falar?&quot;<br>Lectura: fragmento de David Malouf, Remembering Babylon  |
| 5. Diásporas, migracións e contextos transnacionais. | 5.1. Aínda, o comercio triangular da escravitude.<br>5.2. Afropolitanismo.<br>5.3. Globalización, neocolonialismo e cosmopolitanismo.<br>Lecturas: Amma Darko, Beyond the Horizon, fragmentos de Jamal Mahjoub, Travelling with Djinn, Jamaica Kincaid, ?A Small Place? e Merlinda Bobis, ?The Long Siesta as a Language Primer? |

| Planificación         |                           |   |                         |              |
|-----------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Seminario             | A6 A15 B7 C2              | 7                                       | 14                      | 21           |
| Sesión maxistral      | A3 A7 A16 A17 B5 C2       | 19                                      | 25                      | 44           |



|                        |                                   |    |    |    |
|------------------------|-----------------------------------|----|----|----|
| Discusión dirixida     | A1 A2 A11 A15 B7 B8<br>C4 C6 C7   | 14 | 14 | 28 |
| Proba de ensaio        | A9 B1 B2 B3 B6                    | 2  | 24 | 26 |
| Proba mixta            | A3 A6 A7 A9 A11 A15<br>A16 A17 C2 | 2  | 24 | 26 |
| Atención personalizada |                                   | 5  | 0  | 5  |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías       |   |
|--------------------|---|
| Metodoloxías       | Descrición  |
| Seminario          | O alumnado debe leer o material asignado ANTES das clases. O calendario detallado das lecturas darase a coñecer a principios do cuadrimestre.   |
| Sesión maxistral   | Neste tipo de sesións as docentes explicarán a) o contexto socio-histórico e cultural no que se inscriben os textos e autores/as a analizar, b) conceptos teóricos dos estudos poscoloniais, c) pautas para analizar criticamente e para facer un uso axeitado das teorías poscoloniais.  |
| Discusión dirixida | Animarase ao alumnado a debater e expresar a súa opinión, tanto de forma oral como escrita. Esta discusión dirixida pode complementar as sesións maxistrais nas clases de grupo grande (DE), aínda que se levará a cabo fundamentalmente nas clases interactivas de grupo intermedio (DI) e nos seminarios de grupo pequeno (TGR).                              |
| Proba de ensaio    | O alumnado redactará dous ensaios (un a mediados do cuadrimestre e o outro cara ó final) sobre as novelas estudadas nos grupos pequenos.  |
| Proba mixta        | Este tipo de proba valorará a capacidade do/a estudante para comprender e aproximarse a un texto literario de xeito crítico por medio de preguntas sobre os textos analizados no curso. Ademais, o alumnado deberá demostrar que comprenden os principais temas e conceptos teóricos do poscolonialismo, e que os poden aplicar ao estudo de textos literarios. |

| Atención personalizada |  |
|------------------------|--|
| Metodoloxías           | Descrición   |
| Seminario              | As profesoras axudarán ao alumnado a resolver dúbidas sobre os textos e conceptos discutidos na clase de xeito individual e en grupos pequenos. Tamén están ao dispor do alumnado para orientar sobre calquera aspecto do curso durante o horario semanal de titorías. |

| Avaliación         |                                   |   |               |
|--------------------|-----------------------------------|---|---------------|
| Metodoloxías       | Competencias / Resultados         | Descrición  | Cualificación |
| Discusión dirixida | A1 A2 A11 A15 B7 B8<br>C4 C6 C7   | Valoraranse actividades feitas na clase (individuais e en grupo, orais e escritas), que poden incluír, entre outras, respostas ás lecturas asignadas, resumos, análises, aportacións aos debates e discusións de clase.   | 20            |
| Proba de ensaio    | A9 B1 B2 B3 B6                    | Cada estudante redactará dous textos escritos (un a mediados do cuadrimestre, o outro cara o final) sobre as novelas estudadas nos grupos pequenos. (As datas especificaranse ao principio do cuadrimestre). Na valoración destas probas valorarase en particular a capacidade do/a estudante para a comprensión crítica dos textos e conceptos vistos na clase así como a súa competencia lingüística en inglés. | 40            |
| Proba mixta        | A3 A6 A7 A9 A11 A15<br>A16 A17 C2 | O exame final poderá incluír preguntas breves (ex., identificación /análise de citas, definicións de termos clave, etc.), así como preguntas máis longas e complexas.   | 40            |

| Observacións avaliación |
|-------------------------|
|-------------------------|



? Para aprobar a materia a/o estudante debe obter unha nota de 5 (ou superior) a 10 despois de sumar todos os compoñentes da avaliación.

Adicionalmente, non se superará a materia a menos que se obteña unha nota mínima de 4 sobre 10 no exame final.

? A segunda oportunidade de avaliación en xullo consistirá nas seguintes seccións:

1) un exame escrito similar ao final de xuño (40%);2) un ensaio crítico (40%);3) preguntas escritas adicionais que substituirán a sección ?Discusión dirixida? da primeira oportunidade (20%).? Obterase unha calificación de "non presentado" por non acudir ao exame e/ou por ter completado traballo de curso que represente unha porcentaxe inferior ao 50%.? O alumnado que se presenta á convocatoria adiantada de decembro avaliarase segundo as normas especificadas para a oportunidade de xullo.? O alumnado matriculado a tempo parcial e que teña concedida unha dispensa académica deberá porse en contacto co profesorado da materia a principio de curso e avaliarase do mesmo xeito que o especificado para a oportunidade de xullo.

? O profesorado pode usar o servizo de detección do plaxio ?Turnitin? para revisar o traballo do alumnado. O plaxio en calquera actividade significará a cualificación de "cero" nesta actividade.? Existe unha oficina (ADI) na universidade que se especializa en "atender os membros da comunidade universitaria con necesidades especiais derivadas da discapacidade ou doutras formas de diferenza fronte á poboación maioritaria". O alumnado que o desexe pode falar coa profesora Ana Veleiro para acadar máis información ou poñerse directamente en contacto coa ADI na dirección de email [adi@udc.es](mailto:adi@udc.es).

## Fontes de información

### Bibliografía básica

- ACHEBE, Chinua (1958 [2001]). Things Fall Apart (novel). London: Penguin
  - ADICHIE, Chimamanda Ngozi (2009). &quot;The Arrangers of Marriage&quot; (short story). London: Fourth State.
  - BENNET, Louise (2008). &quot;Colonization in Reverse&quot; (poem).  
<http://www.thenewblackmagazine.com/view.aspx?index=1377>
  - BOBIS, Merlinda (1999). ?The Long Siesta as a Language Primer&quot; (short story). North Melbourne: Spinifex Press
  - BREEZE, Jean &quot;Binta&quot; (2001). &quot;The Arrival of Brighteye&quot; (poem).  
<http://www.youtube.com/watch?v=Oylxi-PPPwM>
  - DARKO, Amma (1991). Beyond the Horizon (novel). London: Heinemann
  - GORDIMER, Nadine (1975). &quot;Country Lovers&quot; (short story).  
<http://data0.eklablog.com/we-love-reading/perso/la%20rencontre%20avec%20autre/country%20lovers.pdf>
  - KAY, Jackie (). &quot;Things Fall Apart&quot; (poem).  
<http://www.poetryarchive.org/poetryarchive/singlePoet.do?poetId=5682>
  - KINCAID, Jamaica (1988). &quot;Small Place&quot; (essay). New York: Farrar
  - KIPLING, Rudyard (1899). &quot;The White Man's Burden&quot; (poem).  
[http://www.kiplingsociety.co.uk/poems\\_burden.htm](http://www.kiplingsociety.co.uk/poems_burden.htm)
  - LAWSON, Henry (1892). &quot;The Drover's Wife&quot; (short story).  
[https://ebooks.adelaide.edu.au/l/lawson/henry/while\\_the\\_billy\\_boils/book2.1.html](https://ebooks.adelaide.edu.au/l/lawson/henry/while_the_billy_boils/book2.1.html)
  - MAHJOUR, Jamal (2004). Travelling with Djinn (novel). Vintage RAND
  - MORGAN, Sally (1982). My Place (novel). London: Virago.
  - NICHOLS, Grace (1984). &quot;The Fat Black Woman Goes Shopping&quot; (poem). London: Virago.
  - SENIOR, Olive (). &quot;Colonial Girls School&quot; (poem).  
<http://www.poetryarchive.org/poetryarchive/singlePoet.do?poetId=14910>
- <br />



|                                    |  |
|------------------------------------|--|
| <b>Bibliografía complementaria</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Ashcroft, B., G. Griffiths and H. Tiffin (1989/2002). The Empire Writes Back. Theory and Practice in Post-Colonial Literatures. 2nd ed. . Routledge</li> <li>- Ashcroft, B., G. Griffiths and H. Tiffin (2007/2013). Postcolonial Studies: The Key Concepts. 2nd/3rd edition.. Routledge</li> <li>- Boehmer, Elleke (1995/2005). Colonial and Postcolonial Literature. Oxford UP</li> <li>- Booker, M. K. (1998). The African Novel in English. An Introduction. Heinemann</li> <li>- Childs, Peter, and Patrick Williams (1997). Introduction to Post-Colonial Theory. Prentice</li> <li>- Clarke, Ayebia (2005). Broadening the Horizon: Critical Introductions to Amma Darko. Banbury, UK</li> <li>- Donnell, Alison (2006). Twentieth-Century Caribbean Literature: Critical Moments in Anglophone Literary History. London: Routledge</li> <li>- Gadsby, Meredith (2006). Sucking Salt: Caribbean Women Writers, Migration, and Survival. . Columbia:U of Missouri</li> <li>- Keown, Michelle; David Murphy and James Procter, eds. (2009). Comparing Postcolonial Diaspora. . Macmillan</li> <li>- McLeod, John (2010). Beginning Postcolonialism, 2nd ed.. Manchester UP</li> <li>- Raiford, Leigh and Heike R-Hernandez (2017). Migrating the Black Body. The African Diaspora and Visual Culture. Seattle: U of Washington</li> <li>- Ramone, Jenni (2011). Postcolonial Theories. New York: Palgrave</li> <li>- Steger, Manfred (2013). Globalization: A Very Short Introduction. Oxford UP</li> <li>- Young, Robert J.C. (1995). Colonial Desire: Hybridity in Theory, Culture and Race.</li> <li>- Wawrzinek, Jennifer and J.K.S. Makokha (2011). Negotiating Afropolitanism: Essays on Borders and Spaces in Contemporary African Literature and Folklore. Rodopi</li> <li>- Wisker, Gina (2007). Key Concepts in Postcolonial Literature. Macmillan</li> </ul> <p>Recoméndase utilizar o primeiro libro desta lista, de Ashcroft, Griffiths e Tiffin (identificador ou sinatura da biblioteca UDC: L2-4120), como libro de consulta xeral (especialmente na súa segunda ou terceira edición), ademais de outros textos máis curtos (capítulos de libro e artigos) que aportará ou recomendará a docente para cada tema en particular.</p> |
|------------------------------------|--|

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introducción aos Estudos Literarios/613G03005  
 Literatura Inglesa 1/613G03010  
 Literatura Inglesa 2/613G03017  
 Lingua Inglesa 4/613G03019  
 Lingua Inglesa e os seus Usos 1/613G03020  
 Cultura e Civilización dos Países de Fala Inglesa/613G03022

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

A Literatura Inglesa e a súa Crítica/613G03032

### Materias que continúan o temario

A Literatura Inglesa e a súa Crítica/613G03032  
 Traballo Fin de Grao/613G03041

## Observacións

Aínda que o calendario detallado de lectura darase a coñecer na primeira clase da materia, a docente recomenda encarecidamente ás/aos estudantes que comecen ler os DOUS textos longos de obrigada lectura (a novela completa de Achebe e os capítulos da novela de Rushdie) tan pronto lles sexa posible. Existen varias copias destes dous libros nas bibliotecas da UDC, e tamén se poden atopar ou reservar ambas novelas en librerías por estaren publicadas en editoriais de ampla difusión.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías